

Procedemento para a reclamación das cualificacións finais

Séguese o recollido nos na *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa* as nais e na *Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa*.

Os pais ou as persoas titoras legais do alumnado que non estean de acordo coas cualificacións ou decisión de promoción adoptadas na avaliación final seguirán o seguinte procedemento:

1. **Xuntanza coa persoa titora ou o/a docente que imparte á area obxecto de reclamación.** Estas xuntanzas terán lugar no primeiro e segundo día hábil posterior á entrega dos boletíns finais.
2. De persistir o desacordo:
 - a. As nais os pais ou as persoas titoras legais do alumnado poderán **solicitar por escrito** á dirección do centro **a revisión** da devandita cualificación ou decisión, no **prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación dos boletíns finais en Abalar**
 - b. No **prazo máximo de dous días hábiles desde a finalización do prazo para a presentación de reclamacións** o equipo docente reunirse en **sesión extraordinaria para revisar a cualificación final** ou a decisión adoptada sobre a promoción da alumna ou do alumno.
 - c. A decisión adoptada polo equipo docente será trasladada á dirección do centro, que emitirá unha resolución razoada que será comunicada por escrito ao reclamante ou reclamantes.

3. Se tras o procedemento de revisión no centro **persiste o desacordo** coa cualificación final dunha área ou coa decisión sobre a promoción, a nai, o pai ou a persoa titora legal da alumna ou o alumno poderá presentar por escrito á dirección do centro unha **reclamación ante a Xefatura Territorial de A Coruña**, no prazo de **dous días hábiles** a partir do día seguinte ao da comunicación sobre a decisión adoptada